



PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ARQUITECTO DO CURSO 2013-2014

A Comisión Docente da Escola Técnica Superior De Arquitectura, reunida o día 28 de novembro de 2014, estudou as solicitudes e expedientes dos cinco alumnos solicitantes:

Solicitante	Nota Media
Don Antonio Giráldez López	7,1116
Don Vicente Hernández Vaquero	7,4689
Dona Silja Molist López	7,4856
Dona Aránzazu Turienzo Riveiro	7,6459
Dona Cristina Vázquez Cabrera	6,4480

onde a nota media foi calculada segundo o establecido no punto 6 da Resolución Reitoral do 24 de outubro de 2014 (para convocar os premios extraordinarios do curso 2013-2014).

Segundo o establecido no punto 2 da Resolución Reitoral do 5 de novembro de 2013 e no Regulamento de Premios Extraordinarios da UDC, a solicitante Dona Cristina Vázquez Cabrera non acada os requisitos da convocatoria.

Tendo en conta que, segundo se establece no Anexo da mencionada Resolución Reitoral, poderanxe propoñer un máximo de dous premios extraordinarios do curso 2013-2014 no caso da titulación de Arquitecto, a Comisión acorda considerar o seguinte criterio para a concesión dos mesmos: a maior nota media. En consecuencia, propón a concesión dos devanditos premios a aqueles dous alumnos, de entre os catro que cumpren os requisitos, que acadaron a maior nota media.

Polo tanto, a Comisión Docente da ETS de Arquitectura na súa reunión do día 28 de novembro de 2014, acorda realizar a seguinte proposta de concesión de Premios Extraordinarios de Arquitecto do curso 2012-2013:

DONA ARÁNZAZU TURIENZO RIVEIRO DONA SILJA MOLIST LÓPEZ

A Comisión observa que no cómputo do número de premios extraordinarios establecido no Anexo da resolución reitoral non se tivo en conta a derradeira convocatoria do curso, na cal acadaron o título 30 alumnos mais do centro. No caso de terse en conta esta circunstancia, acadaríase un terceiro premio extraordinario. A Comisión considera que se debe remitir un escrito á reitoría no cal se solicite a concesión deste terceiro premio extraordinario para a titulación de Arquitecto correspondente ao curso 2013-2014. No caso de concederse o devandito terceiro premio, a Comisión propón ao seguinte alumno que acadou a maior nota media:

Don Vicente Hernández Vaquero (proposto, pendente da resposta da reitoría)

A Coruña, a 28 de novembro de 2014

À Secretaria



M. Victoria Otero Piñeiro